

Referencia da Praza: AS2601-H07-260-A3-P4-02

Tipo de Praza: Profesorado Asociado

Área de Coñecemento: Escultura (260)

Departamento: Escultura (H07)

Sede actuación da comisión: Facultade de Belas Artes

ACTA DE CONSTITUCIÓN DA COMISIÓN

En Pontevedra o día 10 de setembro de 2026 constitúese a comisión arriba indicada coa asistencia de:

Presidenta: **Dra. M^a Yolanda Herranz Pascual**

Secretaria: **Dra. Holga Méndez Fernández**

Vogal: **Dr. Juan Carlos Román Redondo**

Como membro con voz e sen voto, designado/a pola representación das e dos traballadores:

Representante sindical: **Dra. Iris Machado de Oliveira**

CRITERIOS DE VALORACIÓN

Reunida a comisión correspondente, constituída polas persoas que se relacionan na Acta de Constitución acordouse por **UNANIMIDADE** establecer os seguintes criterios de valoración, que complementarán o baremo (Anexo I):

Titulación(s) básica(s): Licenciatura en Belas Artes e Grao en Belas Artes.

Titulación(s) afín(s): ninguna.

Área(s) Afín(s): ninguna.

A documentación acreditativa dos méritos presentados, deberá presentarse ordenada segundo a estrutura destes Criterios de Valoración, acompañada dun **índice xeral**.

No CV indicarse o número de páxina da acreditación de cada mérito achegado.

1. TITULACIÓN / FORMACIÓN ACADÉMICA

Puntuación máxima no caso de correspondencia coas materias obxecto de concurso: **5% da puntuación total**. Non se puntuará no caso de titulacións/áreas afíns.

- a) Expediente académico do título de licenciatura, grao, enxeñaría, arquitectura ou equivalente (nota media do expediente calculada conforme ao criterio común establecido polo Ministerio en materia de universidades).

Matrícula de Honra (4), Sobresáinte (3), Notable (2), Aprobado (1).

- b) Título de Mestrado ou tese de licenciatura (no caso de licenciaturas consideradas equivalentes a Mestrados terase en conta a nota media obtida no título de licenciado/a, enxeñeiro/a, arquitecto/a etc.).

Sobresáinte (1), Notable (0,66), Aprobado (0,33).

- c) Premio Extraordinario de Mestrado ou licenciatura: 0,5.

- d) Tese de Doutoramento en Belas Artes (enmarcada na Área de Escultura).

Matrícula de honra (2), Sobresáinte (1), Notable (0,5), Aprobado (0,25).

- e) Premio Extraordinario de Doutoramento: 0,5.

- f) Doutoramento con Mención Internacional: 0,5.

2. EXPERIENCIA INVESTIGADORA E DE TRANSFERENCIA

Valorarase a actividade investigadora e de transferencia, a calidade dos traballos publicados, proxectos, comunicacións en congresos, exposicións artísticas, etc. relacionada coas materias e a área de coñecemento obxecto do concurso ata un máximo do **8% da puntuación total**. Non se puntuará no caso de áreas afíns.

- 1) Publicacións: libro en editorial de ámbito internacional (ata 2 puntos), libro en editorial de ámbito nacional (ata 1), libro en editorial de ámbito local (ata 0,5).

Capítulos de libros en editorial de ámbito internacional (ata 1), capítulo de libro en editorial de ámbito nacional (ata 0,5), capítulo de libro en editorial de ámbito local (ata 0,25).

Artigos en revistas indexadas de humanidades de ámbito internacional (ata 1,75), artigo en revistas indexadas de humanidades de ámbito nacional (ata 1), artigo en revistas indexadas de humanidades de ámbito local (ata 0,5).

Nas publicacións con coautoría a puntuación dividerase entre o número de persoas autoras. A reprodución de obras propias artísticas non se valorará neste apartado. Só se valorarán as publicacións con ISBN, DOI ou ISSN e con indicios de calidade.

- 2) Exposicións artísticas. Valorarase o prestixio do centro expositivo e a publicación ou non de catálogo. En caso de itinerancia internacional de exposición se engade ata 0,4 puntos e en caso de itinerancia nacional ata 0,2 puntos.
 - Exposicións individuais. (Ámbito internacional: ata 2 puntos; ámbito nacional: ata 1 puntos; ámbito local: ata 0,75).
 - Participación en exposicións colectivas. (Ámbito internacional: ata 0,75 puntos; ámbito nacional: ata 0,5 puntos; ámbito local: ata 0,25 puntos).
 - Comisariado de exposicións. (Ámbito internacional: ata 1 punto; ámbito nacional: ata 0,75 puntos; ámbito local: ata 0,5).

- 3) Obra en espazo público:
 - Por concurso. (Ata 1 punto).

- 4) Obra en coleccións públicas ou privadas de prestixio. (Ata 1 punto).

- 5) Relatorios e comunicacións en congresos, simposios, xornadas, elaboración de catálogos etc. (ata un máximo de 2 puntos).

- 6) Dirección de teses de doutoramento (ata un máximo de 5 puntos).

- 7) Participación xustificada en proxectos de investigación subvencionados en convocatorias oficiais, outros proxectos I+D en empresas ou na institución (ata un máximo de 5 puntos).

- 8) Estadías debidamente acreditadas noutros centros de investigación. Por cada mes de estadía: ámbito internacional 0,5 puntos; ámbito nacional 0,3 puntos; ámbito local 0,1 punto. (ata un

máximo de 2 puntos).

- 9) Bolsas de investigación e contratos predoutorais con acreditación oficial: FPI, predoutorais e homologados): 0,5 puntos por cada ano de gozo da bolsa ou contrato de carácter estatal; 0,3 puntos por cada ano de bolsa ou contrato de carácter autonómico; 0,1 puntos por cada ano de bolsa ou contrato de universidade.(ata un máximo de 3 puntos).
- 10) Patentes, rexistros da propiedade, atlas, corpus, enciclopedias e dicionarios de nova fábrica/planta (ata 8 puntos).
- 11) Divulgación: conferencias, xornadas, obradoiros, proxectos de divulgación etc. (ata un máximo de 2 puntos).
- 12) Outros méritos de investigación ou transferencia: membros do consello de redacción de revistas, bolsas de investigación de organismos privados, premios de investigación, estandías en residencias artísticas, pertenza a sociedades científicas etc. (ata un máximo de 1 punto).

3. EXPERIENCIA DOCENTE

Valorarase a actividade docente relacionada coas materias obxecto do concurso ata un máximo do **12% da puntuación total**. Non se puntuará no caso de áreas afíns.

- a) Docencia universitaria a tempo completo (TC): 2 puntos por cada curso de docencia en réxime de dedicación a tempo completo. Dedicación máxima por curso (240 horas).
.....
- b) Docencia universitaria a tempo parcial (TP):
 - I. 1,5 puntos por cada curso en réxime de dedicación a tempo parcial P6 (180 h).
 - II. 1,25 puntos por cada curso en réxime de dedicación a tempo parcial P5 (150 h).
 - III. 1 punto por cada curso en réxime de dedicación a tempo parcial P4 (120 h).
 - IV. 0,75 puntos por cada curso en réxime de dedicación a tempo parcial P3 (90 h).
 - V. 0,5 puntos por cada 60 horas anuais de docencia para contratos predoutorais con acreditación oficial.
.....
- c) Docencia non universitaria regrada: (no caso de que a comisión específica de área acorde considerar esta actividade como experiencia profesional, non se valorará neste apartado):
 - I. 0,50 puntos por cada curso de docencia en réxime de dedicación a TC.
 - II. 0,25 puntos por cada curso de docencia en réxime de dedicación a TP. Nos casos de docencia inferiores a un ano ratearase a puntuación.
.....
- d) Acreditación de formación pedagóxica regulamentada (CAP, Máster de Universitario de Profesorado...) ata 1 punto.
.....
- e) Supervisión de TFGs/TFMs ou similares: 0,2 puntos por traballo supervisado ata o máximo de 1 punto.
.....
- f) Cursos de formación docente recibidos: 0,2 puntos por cada 100 horas de docencia recibida, ata o máximo de 1 punto.
.....
- g) Cursos de formación docente impartidos: 0,2 puntos por cada 20 horas de docencia impartida, ata o máximo de 1 punto.
.....
- h) Participación en proxectos de innovación docente: 0,2 puntos, ata o máximo de 1 punto.
.....
- i) Outros méritos docentes ata o máximo de 1 punto.
.....

Nos casos de docencia inferiores a un ano valorarse proporcionalmente.

4. EXPERIENCIA PROFESIONAL

Valorarase unicamente a actividade profesional relacionada coas materias obxecto do concurso ata un máximo do **60% da puntuación total**.

Actividade profesional que require título universitario: ata 2 puntos por ano. No caso de contratos a tempo parcial ou por períodos inferiores a un ano procederase ao rateo da puntuación.

- 1) Publicacións: libros en editorial de ámbito internacional (ata 7 puntos), libro en editorial de ámbito nacional (ata 4 puntos), libro en editorial de ámbito local (ata 2 puntos).

Capítulos de libros en editorial de ámbito internacional (ata 4 puntos), capítulo de libro en editorial de ámbito nacional (ata 2), capítulo de libro en editorial de ámbito local (ata 1).

Artigos en revistas especializadas de ámbito internacional (ata 6 puntos), artigo en revistas especializadas de ámbito nacional (ata 3 puntos), artigo en revistas especializadas de ámbito local (ata 1,5).

Nas publicacións en coautoría a puntuación dividirase entre o número de persoas autoras. A reprodución de obras propias artísticas non se valorará neste apartado. Só se valorarán publicacións con ISBN e DOI ou ISSN e con indicios de calidade.

- 2) Exposicións artísticas. Valorarase o prestixio do centro expositivo e galerías de arte, e a publicación ou non de catálogo. En caso de itinerancia internacional de exposición se engade ata 1,5 puntos e en caso de itinerancia nacional ata 0,75 puntos.

Exposicións individuais. (Ámbito internacional: ata 7 puntos; ámbito nacional: ata 5,25 puntos; ámbito local: ata 3,5 puntos).

Participación en exposicións colectivas. (Ámbito internacional: ata 3,5 puntos; ámbito nacional: ata 2,10 puntos; ámbito local: ata 1 punto).

Comisariado de exposicións. (Ámbito internacional: ata 5 puntos; ámbito nacional: ata 3,5 puntos; ámbito local: ata 2 puntos).

- 3) Obra en espazo público:
Por encargo. (Ata 7 puntos).
- 4) Obra en coleccións públicas ou privadas de prestixio. (Ata 7 puntos).

Só se valorarán aqueles méritos que estean fundamentados no ámbito profesional da escultura.

5. ENTREVISTA PERSOAL

A entrevista persoal poderá levarse a cabo de xeito virtual ou presencial e terá como principal obxectivo que a persoa candidata relacione os méritos presentados no currículo coas materias obxecto de concurso. A duración da entrevista non poderá exceder dos 30 minutos, e nela a persoa candidata explicará cal é a aportación da súa experiencia ás materias obxecto do concurso e como trasladará a citada experiencia á aula.

A data da entrevista será fixada pola CEA tendo en conta as limitacións horarias das persoas candidatas.

A entrevista terá unha valoración, por parte da comisión, de ata un **10% da puntuación total**.

6. OUTROS MÉRITOS

Valoraranse outros méritos non valorados nos apartados anteriores relacionados coas materias obxecto do concurso ata un **5% da puntuación total**.

Cada mérito alegado non poderá ser valorado con máis de 2 puntos. Neste subapartado valorarase necesariamente o coñecemento da lingua galega, agás que polo perfil da praza teña que ser valorado noutro subapartado.

- Coñecemento de lingua galega: 0,5 puntos B2; 1 punto Celga4/c1 e superiores.
- Coñecemento doutras linguas estranxeiras: 0,25 B1; 0,5 puntos B2; 1 punto C1 e superiores.
- Estudos relacionados co perfil da praza non valorados no apartado 1.
- Experiencia docente non regrada relacionada co perfil da praza (talleres e seminarios impartidos, cursos de Extensión Universitaria...).
- Pertenza a órganos colexiados ou de xestión en universidade, centros universitarios e departamentos.
- Outros méritos relacionados co perfil da praza.

OBSERVACIÓNS ADICIONAIS

Pontevedra, 10 de setembro de 2026

Presidenta
Asdo.:

Secretaria
Asdo.:

Vogal
Asdo.:

De ser o caso,
Rep. Trab. *(con voz e sen voto)*
Asdo.: